



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 141 · Martes, 21 xuño 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Castrelo do Val

- Exposición pública dos padróns cobratorios do imposto de vehículos de tracción mecánica 2000 (IVTM) e da taxa pola recollida de lixo 2022..... 2
- Exposición pública da aprobación inicial dos proxectos técnicos das obras denominadas: "Pavimentación da rúa Ponte do Medio, en Castrelo do Val" e "Pavimentación de varias rúas en Monteveloso"..... 2

Porqueira

- Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dunha praza de persoal de limpeza..... 2

Rubiá

- Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha traballador/a social..... 3
- Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha peón/peoa de limpeza de instalacións municipais..... 3

San Amaro

- Delegación da competencia da Alcaldía para a celebración de matrimonio civil..... 4

Sandiás

- Exposición pública do Acordo regulador da modificación do prezo público pola prestación do servizo de punto de atención infantil..... 4

San Xoán de Río

- Exposición pública da conta xeral correspondente ao exercicio económico 2021..... 9

Vilamarín

- Exposición pública da aprobación inicial do Proxecto de obra denominado "Reconstrución muro Vilamarín"..... 9

Vilar de Santos

- Exposición pública dos padróns cobratorios do imposto de vehículos de tracción mecánica, do imposto de bens inmobles de natureza urbana e rústica, da taxa pola recollida de lixo, todos do exercicio 2022 e prazo de cobranza en período voluntario..... 9

Xinzo de Limia

- Aprobación definitiva da modificación do anexo de persoal..... 10

Xunqueira de Ambía

- Aprobación definitiva do orzamento para o exercicio económico de 2022..... 10

Mancomunidade de Concellos do Carballiño

- Exposición pública da conta xeral correspondente ao exercicio económico de 2021..... 12

Mancomunidade de Concellos Santa Águeda

- Exposición pública da conta xeral correspondente ao exercicio económico 2021..... 12

IV. ENTIDADES LOCALES

Castrelo do Val

- Exposición pública de los padrones cobratorios del impuesto de vehículos de tracción mecánica 2000 (IVTM) y de la tasa por la recogida de basuras 2022..... 2
- Exposición pública de la aprobación inicial de los proyectos técnicos de las obras denominadas: "Pavimentación de la calle Ponte do Medio, en Castrelo do Val" y "Pavimentación de varias calles en Monteveloso"..... 2

Porqueira

- Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de una plaza de personal de limpieza..... 3

Rubiá

- Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/a trabajador/a social..... 3
- Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/a peón/a de limpieza de instalaciones municipales..... 3

San Amaro

- Delegación de la competencia de la Alcaldía para la celebración de matrimonio civil..... 4

Sandiás

- Exposición pública del Acuerdo regulador de la modificación del precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil..... 6

San Xoán de Río

- Exposición pública de la cuenta general correspondiente al ejercicio económico 2021..... 9

Vilamarín

- Exposición pública de la aprobación inicial del Proyecto de obra denominado "Reconstrución muro Vilamarín"..... 9

Vilar de Santos

- Exposición pública de los padrones cobratorios del impuesto de vehículos de tracción mecánica, del impuesto de bienes inmuebles de naturaleza urbana y rústica, de la tasa por la recogida de basura, todos del ejercicio 2022 y plazo de cobranza en período voluntario..... 9

Xinzo de Limia

- Aprobación definitiva de la modificación del anexo de personal..... 10

Xunqueira de Ambía

- Aprobación definitiva del presupuesto para el ejercicio económico de 2022..... 11

Mancomunidad de Municipios de O Carballiño

- Exposición pública de la cuenta general correspondiente al ejercicio económico 2021..... 12

Mancomunidad de Municipios Santa Águeda

- Exposición pública de la cuenta general correspondiente al ejercicio económico 2021..... 12



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Castrelo do Val

De conformidade co que dispón o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, realizase a notificación colectiva mediante a exposición ao público, para os efectos de reclamacións e alegacións, dos seguintes padróns cobratorios, que aprobou a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do día 16 de xuño de 2022:

- Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM)
- Taxa pola recollida de lixo.

Período: exercicio 2022.

Prazo de exposición: 20 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense. Durante este prazo, os mencionados padróns estarán nas oficinas do Concello a disposición dos interesados.

Contra o acto de aprobación dos referidos padróns e das liquidacións incorporadas a estes, os contribuíntes e en xeral os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

1. Reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública dos padróns cobratorios, que se entenderá desestimado se ao transcorrer un mes dende a súa presentación, non se resolve de maneira expresa.

2. Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ourense, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.

Poderá interpoñerse calquera outro recurso que aos interesados conveña.

Castrelo do Val, 17 de xuño de 2022. O alcalde.

Asdo.: Vicente Gómez García.

Exposición pública de los padrones cobratorios del IVTM y taxa por la recogida de basura

De conformidad con lo que dispone el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, se realiza la notificación colectiva mediante la exposición al público, para los efectos de reclamaciones y alegaciones, de los siguientes padrones cobratorios, que aprobó la Junta de Gobierno Local, en la sesión extraordinaria del día 16 de junio de 2022:

- Impuesto de vehículos de tracción mecánica (IVTM)
- Tasa de recogida de basura.

Período: ejercicio 2022.

Plazo de exposición: 20 días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación de este edicto en el BOP de Ourense. Durante este plazo, los mencionados padrones estarán en las oficinas del Ayuntamiento a disposición de los interesados.

Contra el acto de aprobación de los referidos padrones y de las liquidaciones incorporadas a los mismos, los contribuyentes y en general los interesados podrán interponer los siguientes recursos:

1. Reposición ante la Junta de Gobierno Local, en el plazo de un mes, contado desde el día siguiente al de la finalización de la exposición pública de los padrones cobratorios, que se entenderá desestimado si al transcurrir un mes desde su presentación, no se resolve de manera expresa.

2. Contencioso-Administrativo, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo, con sede en Ourense, en el plazo de dos meses si la resolución del recurso de reposición es

expresa, y en el plazo de 6 meses desde su interposición, si no lo fuese.

Podrá interponerse cualquier otro recurso que a los interesados convenga.

Castrelo do Val, 17 de junio de 2022. El alcalde.

Fdo.: Vicente Gómez García.

R. 1.460

Castrelo do Val

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 16.06.2022, aprobou os proxectos técnicos das obras denominadas: "Pavimentación da rúa Ponte do Medio, en Castrelo do Val" e "Pavimentación de varias rúas en Monteveloso" que redactou a arquitecta Cristina Sabariz Rúa, e que contan, respectivamente, cuns orzamentos totais de 47.800,00 e 22.300,00 euros.

Os devanditos proxectos expóñense ao público na secretaría do Concello, durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste edicto no BOP de Ourense, co fin de que durante o dito prazo os posibles interesados ou afectados polas obras poidan presentar as alegacións ou reclamacións que consideren convenientes.

Logo de transcorrer o dito prazo, se non se presentasen reclamacións ou alegacións, a aprobación converterase en definitiva, sen necesidade da adopción de ulterior acordo.

Castrelo do Val, 17 de xuño de 2022. O alcalde.

Asdo.: Vicente Gómez García.

La Junta de Gobierno Local, en su sesión del día 16.06.2022 aprobó los proyectos técnicos de las obras denominadas: "Pavimentación de la calle Ponte do Medio, en Castrelo do Val" y "Pavimentación de varias calles en Monteveloso" que redactó la arquitecta Cristina Sabariz Rúa, y que cuentan, respectivamente, con unos presupuestos totales de 47.800,00 y 22.300,00 euros.

Dichos proyectos se exponen al público en la secretaría del Ayuntamiento durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del siguiente al de la inserción de este edicto en el BOP de Ourense, con el fin de que durante dicho plazo los posibles interesados o afectados por las obras puedan presentar las alegaciones o reclamaciones que consideren convenientes.

Una vez transcurrido dicho plazo, si no se hubiesen presentado reclamaciones o alegaciones, la aprobación se convertirá en definitiva, sin necesidad de la adopción de ulterior acuerdo.

Castrelo do Val, 17 de junio de 2022. El alcalde.

Fdo.: Vicente Gómez García.

R. 1.461

Porqueira

Unha vez aprobadas, por Resolución da Alcaldía do día 16/06/2022, a contratación, en réxime laboral temporal, polo sistema de concurso de méritos e as bases que rexerán a contratación de persoal de limpeza (1), publícase o resumo da convocatoria para xeral coñecemento e chamamento ao concurso.

1. Número de prazas: 1.
2. Denominación: persoal de limpeza.
3. Modalidade de contratación: contrato laboral temporal.
4. Sistema de selección: concurso.
5. Duración do contrato: 3 meses.
6. Prazo e lugar de presentación das solicitudes: 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de Porqueira, situado na

estrada de Xinzo a Bande, núm. 4, Forxa, 32643 (Ourense), en horario de 9:00 a 14:30 horas, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/1015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sendo necesario neste último caso notificalo mediante correo electrónico á dirección concello.porqueira@eidolocal.es.

7. Bases: o texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Porqueira e na sede electrónica [https:// porqueira. sedelectronica. gal/ info.0](https://porqueira.sedelectronica.gal/info.0).

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan e de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste concello e no taboleiro de anuncios.

Porqueira, 16 de xuño de 2022. A alcaldesa.

Asdo.: Susana Vázquez Dorado.

Una vez aprobadas, por Resolución de la Alcaldía del día 16/06/2022, la contratación, en régimen laboral temporal, por el sistema de concurso de méritos y las bases que regirán la contratación de personal de limpieza (1), se publica el resumen de la convocatoria para general conocimiento y llamamiento al concurso.

1. Número de plazas: 1.

2. Denominación: personal de limpieza.

3. Modalidad de contratación: contrato laboral temporal.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Duración del contrato: 3 meses.

6. Plazo y lugar de presentación de las solicitudes: 5 días hábiles contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro General del Ayuntamiento de Porqueira, situado en la carretera de Xinzo a Bande, núm. 4, Forja, 32643 (Ourense), en horario de 9:00 a 14:30 horas, o a través de cualquiera de los medios que prevé la Ley 39/1015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, siendo necesario en este último caso notificarlo mediante correo electrónico a la dirección concello.porqueira@eidolocal.es.

7. Bases: el texto íntegro de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Porqueira y en la sede electrónica

<https://porqueira.sedelectronica.gal/info.0>.

Los sucesivos anuncios de esta convocatoria, cuando procedan y de conformidad con las bases, se publicarán en la sede electrónica de este Ayuntamiento y en el tablón de anuncios.

Porqueira, 16 de junio de 2022. La alcaldesa.

Fdo.: Susana Vázquez Dorado.

R. 1.448

Rubiá

O Concello de Rubiá convoca o seguinte procedemento de selección de persoal laboral temporal.

Denominación do posto: traballador/a social.

Contrato: laboral temporal, modalidade de substitución a xornada completa.

Documentación e bases: as esixidas nas bases da convocatoria, que foron aprobadas pola Alcaldía con data 16-06-2022 e poderán ser consultadas no Concello de Rubiá, en horas de oficina.

Instancias: as solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases, dirixiráselle ao alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rubiá, durante o prazo de 5 días naturais, contados dende o día seguinte ao da derradeira publicación, no

diario La Región e no BOP de Ourense. O horario de presentación de documentación será, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.

Rubiá, 16 de xuño de 2022. O alcalde.

Asdo.: Elías Rodríguez Núñez.

El Ayuntamiento de Rubiá convoca el siguiente procedimiento de selección de personal laboral temporal.

Denominación del puesto: trabajador/a social.

Contrato: laboral temporal, modalidad de sustitución a jornada completa.

Documentación y bases: las exigidas en las bases de la convocatoria, que fueron aprobadas por la Alcaldía, con fecha 16-06-2022 y que podrán ser consultadas en el ayuntamiento de Rubiá, en horas de oficina.

Instancias: las solicitudes para participar en el procedimiento de selección se formalizarán en el modelo de instancia que se adjunta en estas bases, se dirigirán al alcalde y se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento de Rubiá, durante el plazo de 5 días naturales, contados desde el día siguiente al de la última publicación en el diario La Región y el BOP de Ourense. El horario de presentación de documentación será, de lunes a viernes, de 9:00 a 14:00 h.

Rubiá, 16 de junio de 2022. El alcalde.

Fdo.: Elías Rodríguez Núñez.

R. 1.449

Rubiá

O Concello de Rubiá convoca o seguinte procedemento de selección de persoal laboral temporal

Denominación do posto: peón/peoa de limpeza de instalacións municipais.

Contrato: laboral temporal, modalidade de substitución a xornada parcial de 5 horas diarias.

Documentación e bases: as esixidas nas bases da convocatoria, que foron aprobadas pola Alcaldía con data 16-06-2022 e poderán ser consultadas no Concello de Rubiá, en horas de oficina.

Instancias: as solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases, dirixiranse ao alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rubiá, durante o prazo de 5 días naturais, contados dende o día seguinte da derradeira publicación, no diario La Región e no BOP de Ourense. O horario de presentación de documentación será, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.

Rubiá, 16 de xuño de 2022. O alcalde.

Asdo.: Elías Rodríguez Núñez.

El Ayuntamiento de Rubiá convoca el siguiente procedimiento de selección de personal laboral temporal

Denominación del puesto: peón/a de limpieza de instalaciones municipales.

Contrato: laboral temporal, modalidad de sustitución a jornada parcial de 5 horas diarias

Documentación y bases: las exigidas en las bases de la convocatoria, que fueron aprobadas por la Alcaldía con fecha 16-06-2022 y podrán ser consultadas en el Ayuntamiento de Rubiá, en horas de oficina.

Instancias: las solicitudes para participar en el procedimiento de selección se formalizarán en el modelo de instancia que se adjunta en estas bases, se dirigirán al alcalde y se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento de Rubiá, durante el



plazo de 5 días naturales, contados desde el día siguiente al de la última publicación en el diario La Región y el BOP de Ourense. El horario de presentación de documentación será, de lunes a viernes, de 9:00 a 14:00 h.

Rubiá, 16 de junio de 2022. El alcalde.

Fdo.: Elías Rodríguez Núñez.

R. 1.450

San Amaro

De acordo co establecido no artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase a parte dispositiva do Decreto da Alcaldía do día 16.06.2022, que a continuación se reproduce:

Delegar na concelleira Sonia Ordóñez González a competencia para a celebración do matrimonio civil entre Honorato Gómez Villamizar e Mónica Pérez González, que terá lugar o vindeiro 1 de xullo de 2022 na casa do concello de San Amaro.

San Amaro, na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Asdo.: Fernando Rodríguez redondo.

De acuerdo con lo establecido en el artículo 44.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, se publica la parte dispositiva del Decreto de la Alcaldía del día 16.06.2022, que a continuación se reproduce:

Delegar en la concejala Sonia Ordóñez González la competencia para la celebración del matrimonio civil entre Honorato Gómez Villamizar y Mónica Pérez González, que tendrá lugar el próximo día 01 de julio de 2022 en la casa consistorial de San Amaro.

San Amaro, en la fecha de la firma electrónica.

El alcalde. Fdo.: Fernando Rodríguez redondo.

R. 1.451

Sandiás

O Pleno do Concello, mediante o acordo do 30 de maio de 2022, aprobou a modificación do prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención Infantil e a súa ordenación do xeito que figura a continuación. Para xeral coñecemento, expónse ao público no taboleiro de anuncios do Concello durante un mes e publícase a seguir.

Contra este acto, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Potestativamente, pódese recorrela en reposición perante o Pleno do Concello de Sandiás, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo. No caso de recorrer este acordo en reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición, polo transcurso doutro mes sen terse notificado a resolución expresa deste.

Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpoñer de novo o dito recurso. Todo isto é sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Acordo regulador da modificación do prezo público pola prestación do servizo de punto de atención infantil.

Por ser necesario facer uso dos recursos económicos que establece o art. 2.1.e), do texto refundido da Lei 39/88, no que se atopa o prezo público, tramitouse o expediente administrativo para modificalo. Proponse modificar o prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención Infantil. A modificación proposta pretende adaptarse á regulación establecida pola Xunta de Galicia para o servizo que presta nas escolas infantís e a regulación establecida na Lei de servizos sociais de Galicia.

O alcalde, que subscribe, conforme co ordenado no Texto refundido das facendas locais propón á consideración do Pleno do Concello a conveniencia de acordar a modificación do prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención Infantil.

Polo exposto, tendo en conta a necesidade de aproveitar os recursos que debe producir a referida exacción, a equidade e a xustiza desta, e a que forma parte das competencias municipais a súa imposición e ordenación, así como a súa modificación, proponse ao Concello Pleno a aprobación do acordo regulador do citado prezo público. A contía de custo non cuberta por axudas doutras administracións e polo prezo público serán financiadas polo Concello a través do orzamento por consideracións sociais e de interese xeral dado o servizo que se presta de conciliación, igualdade e reto demográfico nos concellos con menos poboación.

Así mesmo e considerando que non ten natureza regulamentaria e si orzamentaria non é preciso consulta previa, conforme coa regulación contida na Lei de procedemento das administracións públicas.

Logo de ver o informe favorable da Secretaría-Intervención, proponse ao Pleno:

1. Aprobar a nova regulación do prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención Infantil, e ordenar este do xeito que figura articulado no anexo deste acordo.

2. Expoñer ao público este acordo, dado o seu carácter xeral na súa aplicación.

3. O referido acordo de modificación do prezo público e o seu texto regulador que figura no anexo entrará en vigor tras a súa publicación, a partir do 1 de setembro de 2022.

Anexo

Regulación do prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención Infantil

Observouse a conveniencia de adaptar as tarifas inicialmente acordadas á regulación establecida pola Xunta de Galicia para a prestación do seu servizo á infancia en aplicación do disposto na regulación de Servizos Sociais de Galicia, recollida na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Así mesmo, en consonancia coa regulación realizada pola Xunta de Galicia, prevense as bonificacións recollidas na mencionada lei.

Polo exposto, tendo en conta a necesidade de aproveitar os recursos que debe producir a referida exacción, a equidade e xustiza desta, e a que forma parte das competencias municipais a súa imposición e ordenación, así como a súa modificación, é polo que se fai esta nova regulación.

De conformidade co disposto no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello de Sandiás establece o prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención Infantil.

O concepto polo cal se esixe este prezo público é a utilización dos servizos de atención infantil que se prestan a través deste PAI, segundo a normativa vixente e en cumprimento dos conve-

nios e disposicións que poidan emanar da Xunta de Galicia respecto diso.

Artigo 1. Obxecto.

Apróbanse as contías dos prezos públicos correspondentes aos servizos prestados no Punto de Atención Infantil do Concello de Sandiás que figuran no anexo deste decreto. Establécese un prezo público que implica un copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecidos pola Xunta de Galicia.

Os prezos públicos establecidos no anexo actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xaneiro anterior, adaptándose e actualizándose segundo a resolución que dite a Xunta de Galicia, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social de actualización dos seus prezos públicos.

Artigo 2. Suxeitos obrigados.

Están obrigados ao pago das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta no Punto de Atención Infantil de Sandiás, na súa falta, os/as familiares ou titores/ as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3. Pago.

1. O pago das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 deste decreto, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao primeiro día do mes, a cota correspondente ao devandito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

2. Salvo o disposto no artigo 5 deste decreto, a falta de asistencia da nena ou o neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3. A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia pola vía de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 4. Regras e definicións para a determinación do importe para pagar.

Para a determinación do importe mensual para pagar polas persoas obrigadas ao pago dos prezos públicos determinados no anexo deste decreto, teranse en conta as especificacións recollidas no devandito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as padres/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de 18 anos discapacitados, cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o 31 de decembro do ano ao que se refiran os datos económicos que terán como referencia as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que comece o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impositiva xeral

coa base impositiva do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 5. Suspensión temporal da cota

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obrigación de aboar a cota correspondente á atención educativa durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/ou.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os casos a suspensión realizarase de oficio.

Artigo 6. Réxime de bonificacións adaptadas á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

No Punto de Atención Infantil do Concello de Sandiás, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de conseguir a gratuidade da atención educativa nelas no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100 % dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se atopen en cada momento en vigor.

Co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de lograr a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar.

Disposición transitoria primeira

Os prezos públicos establecidos neste decreto serán de aplicación ao Punto de Atención Infantil desde o día 1 de setembro de 2022, aplicándose ata ese momento a regulación anterior do prezo público.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste acordo.

Disposición final primeira

Autorízase á Alcaldía para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Disposición final segunda

O presente acordo tras a súa publicación, entrará en vigor o día 1 de setembro 2022.



Anexo

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no Punto de Atención Infantil fixarase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no apartado 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase nun cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. Prezo por servizos complementarios.

a) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €;

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 69,81€.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 169,26 €.

4. Descontos

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns/ás, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Enténdese por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos, teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data do pagamento da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevindas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/o neno/para ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo devandito mes terá un desconto do 50 por cento.

5. Exencións de pago.

a) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

b) As familias acolledoras de menores, con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

O alcalde. Asdo.: Felipe Traveso García.

El Pleno del Ayuntamiento, mediante acuerdo del 30 de mayo de 2022, aprobó la modificación del precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil y su ordenación de la forma que figura a continuación. Para general conocimiento, se expone al público en el tablón de anuncios del Ayuntamiento durante un mes y se publica a continuación.

Contra este acto, que agota la vía administrativa, se podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente a la notificación de este acuerdo.

Potestativamente, se puede recurrir en reposición ante el Pleno del Ayuntamiento de Sandiás, el plazo de un mes contado a partir del día siguiente al de la publicación de este acuerdo. En caso de recurrir este acuerdo en reposición, no se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se produzca la desestimación presunta del recurso de reposición, por el transcurso de otro mes sin haberse notificado la resolución expresa de este.

Contra la resolución del recurso de reposición no se podrá interponer de nuevo dicho recurso. Todo esto y sin perjuicio de que pueda ejercitarse cualquier otro recurso que se estime oportuno.

Acuerdo regulador de la modificación del precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil.

Por resultar necesario hacer uso de los recursos económicos que establece el art. 2.1.e), del Texto Refundido de la Ley 39/88, en el que se encuentra el precio público, se tramitó el expediente administrativo para modificar dicho precio público. Se propone modificar el precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil. La modificación propuesta pretende adaptarse a la regulación establecida por la Xunta de Galicia para el servicio que presta en las escuelas infantiles y la regulación establecida en la Ley de servicios sociales de Galicia.

El alcalde, que suscribe, conforme a lo ordenado en el Texto Refundido de las Haciendas Locales propone a la consideración del Pleno del Ayuntamiento la conveniencia de acordar la modificación del precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil.

Por lo expuesto, atendiendo a la necesidad de aprovechar los recursos que debe producir la referida exacción, a la equidad y justicia de la misma, y a que forma parte de las competencias municipales su imposición y ordenación, así como su modificación, se propone al Ayuntamiento Pleno la aprobación del acuerdo regulador del citado precio público. La cuantía del coste no cubierta por ayudas de otras administraciones y por el precio público serán financiadas por el Ayuntamiento a través del presupuesto por consideraciones sociales y de interés gene-

ral dado el servicio que se presta de conciliación, igualdad y reto demográfico en los ayuntamientos con menos población.

Así mismo y considerando que no tiene naturaleza reglamentaria y si presupuestaria no es preciso consulta previa, conforme a la regulación contenida en la Ley de Procedimiento de las Administraciones Públicas.

Una vez visto el informe favorable de la Secretaría-Intervención se propone al Pleno:

1. Aprobar la nueva regulación del precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil y ordenarlo de la misma manera que figura articulado en el anexo de este acuerdo.

2. Exponer al público el presente acuerdo dado su carácter general en su aplicación.

3. El referido acuerdo de modificación del precio público y su texto regulador, que figura en el anexo, entrará en vigor tras su publicación a partir del 1 de septiembre de 2022.

Anexo

Regulación del precio público por la prestación del servicio de Punto de Atención Infantil

Se observó la conveniencia de adaptar las tarifas inicialmente acordadas a la regulación establecida por la Xunta de Galicia para la prestación de su servicio a la infancia en aplicación de lo dispuesto en la regulación de Servicios Sociales de Galicia recogida en la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia. Así mismo en consonancia con la regulación realizada por la Xunta de Galicia se prevén las bonificaciones recogidas en la mencionada ley.

Por lo expuesto, atendiendo a la necesidad de aprovechar los recursos que debe producir la referida exacción, a la equidad y justicia de la misma, y a que forma parte de las competencias municipales a su imposición y ordenación, así como a su modificación es por lo que se hace esta nueva regulación.

